



1. CATRO MANCEBOS

Catro mancebos xuntiños
eiqui xuntiños estamos
e tan cansadol-os catro
que é preciso alimentarnos.

Abran a porta, señores,
que por honrados nos temos
sabe Dios se pra outro ano
á porta lles cantaremos!
De moi lonxe xa viñemos
Noite que andar aínda falta
As forzas piden reparo
Mollo as gorkas e non de auga

Chourizos, pois, longaniza,
uña de porco, ou fuciño
ou de xamón, dúas tortilas
con dous xarriños de viño

Esta vai por despedida
hoxe, eiquí, non canto outra
os señores desta casa
doxe un ano me oían outra!



2. CHEGARON A PÉ

Chegaron a pé María e Xosé
Non tiñan pousada, ían para Belén
Chegaron á coba co frío na pel
Non tiñan pousada María e Xosé

E naceu o neno do ventre da nai
un neno pequeno brilla como un sol
Cala meu neniño, cala meu amor
Que estaa noite é boa, chea de calor

O neno Xesús é un carabel
Fillo dunha rosa nacido en Belén
Ímo-lo adorar que está no portal
Esta noite santa ó rei celestial
E naceu un neno...



3. SE SOUBERAN OS MEUS AMIGUIÑOS

A virxe e San Xosé
Están adorando ao neno
(E os ánxeles alegres
Dan gloria ao rei de reises) BIS

(Se souberan os meus amiguiños
O que naceu en Belén) BIS
(Érache un meniño tan bonitiño
Aínda mais que un carabeliño) BIS
(Vinde rapaces ímos a ver
O nacemento do neno en Belén) BIS

Xesú e caenlle as bágoas
Meu amor que lle faremos
(Toma unha tortiña de ovos
Toma mel e leiteño fresco) BIS
Se souberan...



4. ALÁ POLA NOITE

Alá polo noite
Cando o galo canta
Nunha vila santa
Que lle chaman Belén

E morto de frío
nun pobriño establo
Naceu, malpocado!
Xesús...
o Xesús noso ben

(E morto de frío Non tiña nin tento
E dáballo alento
A mula e o boi) BIS

(Pero nós como non temos nada
Vamos a ver, a ver qué nos dán
Uns dulciños e unhas almendras
Para levarlle ó neno ó portal) BIS

Para levarlle ó neno ó portal

5. CANTO DE NADAL

(Toca o pandeiro manuel,
E que non falte alegría!.) BIS
(Que esta noite nacerá xesús
Fillo da virxe maría.) BIS

Mira que bonito está,
Dá gloria velo na cuna!
O boi dálle o seu calor
E as pallas cómeas a mula.
(Mentres, se escoita no ceo cantar:
Gloria a deus nas alturas!) BIS

E no portal de belén
Tiña que haber un galego
Aí no portal de belén
(Fora de ourense ou de lugo,
Da coruña ou pontevedrés.) BIS

(e tiña que estar
e tiña que haber,
Algún galeguiño xunto do recién.) BIS
(Xunto do recién non podía faltar
Algún galeguiño para aturuxar.) BIS

6. CANTO DE NADAL DE CEDEIRA

Calma na carpinteiría
Xosé durme ao seu pracer
(Por qué non lle fas un berce
A Xesús de Nazaret?) BIS

Teño taboas de carballo
Cola, compás e martelo
(Mais non sei facer un berce
Para un neno tan xirifeiro) BIS

Ai lalála....

Para que vou facer faiuscas
Coa miña dentuda serra
(Se o meu neno xa ten berce
Na folla dunha maceira) BIS

Teño taboas...

Para que vou a trafegare
Co martelo e o formón
(Se o meu neno xa ten berce
No bam bam dos corazóns) BIS
Teño taboas...

7. O SOMBREIRO DE PALLA

(Con un sombreiro de palla
Un galego a Belén foi) BIS
(Mentres adoraba ao neno
Comeulle o sombreiro o boi) BIS

(Ahí ven o gaitero Deixaino pasar
Vai cara a Belén
A Xesús adorar) BIS

(E mais o galego miraba
Miraba a ver o sombreiro) BIS
O sombreiro non estaba
Que o boi comérallo enteiro) BIS

Ahí ven o gaitero

8. NO PENDELLO

No pendello que ai xunto o camiño
Hoxe as doce da noite naceu
Un meniño pequeniño
Que parece do ceo caeu
Un meniño pequeniño
Que parece do ceo caeu

Entre o bafo de dous animais
Pois o pobre cubertas non ten
(Nin señales de pañales
Pra tapalo do frio se ven) BIS
Ea eea...

Levareille logo este mantelo
Aunque as feiras boa falla me fai
(E un roxelo de bo pelo
Pra que faga bos caldos sua nai) BIS

Levareille tamen esta pita
Pois é o neno mais guapo que eu vin
(E a cabrita mais bonita
Que pra él do cortello escollin) BIS
Ea eea...

9. DESPEDIDA DE ANO VELLO

Despedida de ano vello
entradiña de aninovo
os señores desta casa
as contén con grande gozo.BIS
Ai lalalo ai lalalo

[Viva a terra dos gaiteros
que viñeron a tocar
ó neno recién nacido
entre as pallas do portal.] BIS

Ano novo vida nova
ano novo que traerás
o vello suspiros leva
o novo xa os traerá. BIS
Ai lalalo ai lalalo

Ano de festas que naces
o pasado xa pasou
a primavera enverdece
o xardín que se marchou.BIS
Ai lalalo ai lalalo

(INSTRUMENTAL)

[LALÁ LARALALALÁ LALARALALÁ.] BIS

10. NADAL DE LUINTRA

Cara Belén camiña/unha Nena ocupada fermosa, en
canto a ela,/San Xosé a acompaña.

Chegaron a Belén/e pediron pousada, responderon de
adentro/con voz alborotada.

¿Quen chama á miña porta,
quen á porta me chama?
Somos Xosé e María/que pedimos pousada.

Se traen cartos que entren/e senón que se vaian. Cartos
non traerei,/máis que un real de prata.

Ises son poucos cartos,/pídano noutra parte. San
Xosé se apenaba,/María o consolaba.

Non te apenas Xosé,/non te apenas por nada,
¿qué máis cartos ti queres/que isto que me
acompaña?

11. KIKIRIKI

(Cantamosche os reises,
guedellos de cabra.
Cantamosche os reises.
Non nos deches nada.) BIS

Sómol-os reises do kikirikí
vimos a ver qué nos botan eiqui.
sómol-os reises do cacaracá
vimos a ver qué nos botan alá!
Sómol-os reises da «cabra fanada»
viñemos eiquí...
Non nos deron nada

(Cantamosche os reises
guedellos de cabra.
Cantamosche os reises.
Non nos deches nada.) BIS

Sómol-os reises do kikirikí
vimos a ver qué nos botan eiqui.
sómol-os reises do cacaracá
vimos a ver qué nos botan alá!
Sómol-os reises do kikirikí
se non nos dan nada...
Cagámosche aquí

Sómol-os reises do kikirikíiiii !



12. PASTORES DE BELÉN

Pastores de Belén, *chegaivos* con ledicia,
Porque vos quero dar unha boa noticia.
Aí, aí, aí está Xesús: Aí, aí, xa
vexo a súa luz.

Eu éille de levar
Pois iso é o que quero
Un queixo sen curar
Que gardo no chineiro.
Aí, aí, aí...

*(Levaremos xa, pantrigo e mel,
Para llo ofrecer ó neno Manuel.) BIS
De Manuel, de Manuel....*

Eu éille levar una muiñeira nova
Que acabo de arranxar
cando saín da escola.
Aí, aí, aí...

Tamén lle levarei calquera destes días
Una manta de la
Que as noites están frías.
Aí, aí, aí...

*(Levaremos xa, pantrigo e mel,
Para llo ofrecer ó neno Manuel.) BIS
De Manuel, de Manuel....*

Eu éille levar
Quero ser ó primeiro
Un pito de pastor
Feitiño de ameneiro
Aí, aí, aí...

Até onde el irei
cando sexan as doce
E levarei turrón
Para que o neno goce.
Aí, aí, aí...

13. NATAL PORTUGUÉS

Alegrem-se os céus e a terra /cantemos com alegria:
já nasceu o Deus Menino/ filho da Virgem Maria.

[Olhei para o céu
estava estrelado
Vin os Deus Menino
nas palhas deitado BIS
nas palhas deitado
nas palhas estendido
filho duma rosa
e dumcravo nascido]bis

Entraí pastores entraí/ por esse portal sagrado
vinde adourar ao menino/ numas palhinhas deitado

Olhei para o céu...

O Menino que nasceu / da Virgem cheia de gaça,
entrou e saiu por ela /como o sol pela vidraça.

Olhei para o ceu...

Estas palavras disse a Virgem/ quando nasceu o Menino
vinde ca meu anjo loiro/ vinde cá o meu menino

Olhei para o ceu...

14. A CANTAR PANXOLIÑAS

Hoxe nace nun portal (bis) Un neno loiro e ben
feito Hoxe nace nun portal (bis)

Mire ben dona maría (bis) Antes de que veña a
noite Vai nacer un novo día (bis)

*A tocar.....pandeiretas A tocar.....as
cunchiñas A bailar.....muiñeiras
E a cantar.....panxoliñas
Lalaralalaralalara.....*

Roscas de noces e mel (bis)
E unha cesta de mazás Levaremoslle tamén (bis)

As doce no campanario (bis)
O polo no asador
E o turrón está no armario (bis)

*A tocar....
Lalaralalaralalara.....*

15. BUSCANDO UNHA ESTRELA

(Os **pitiños** buscaban unha estrela
E cando a atoparon Bailaron con ela)BIS

(Lai, laralai, larala,
A quen queres ti alumear?
Ao neno que xa naceu Nesta noite de
Nadal)BIS.

(Os **gatiños** buscaban unha estrela
E cando a atoparon Bailaron con ela)BIS

(Os **peixiños** buscaban unha estrela
E cando a atoparon Bailaron con ela)BIS